

ADDENDA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O PLAN DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA-HORIZONTE 2030 (PCUMA).

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

E doutra parte, D. Ricardo Cao Abad, en representación da Universidade da Coruña, como o seu reitor, en uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG núm. 100, do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG núm. 201, do 11 de outubro); e en representación da Fundación Universidade da Coruña (en diante, FUAC), que foi constituída ante o notario don Pablo Valencia Ces o 24 de marzo de 1997, e inscrita no rexistro auxiliar de fundacións co núm. 183, como Presidente do seu Padroado e con facultades suficientes para a formalización do presente acto segundo nomeamento acordado no Padroado celebrado o 18 de xullo de 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Que con data 13 de decembro de 2023 a Consellería do mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña asinaron un Convenio para o Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030 (PCUMA).

No citado Convenio establecíase no seu Anexo 1: O obxecto do convenio era dar continuidade ao Plan da cultura marítima de Galicia como instrumento capaz de favorecer a xestión integral, posta en valor e activación da cultura marítima de cara o futuro. Incluindo un plan de traballo dividido en catro fases, que van desde a Fase 1 de continuidade, Fase 2 de comunicación e información, Fase 3 de seguemento e Fase 4 de realización de acción.

No expositivo quinto do citado convenio sinálase que o estudo pretende analizar dende unha perspectiva científico-didáctica as conexións e a transferencias destas comunidades litorais e do seu patrimonio, que creceron mantendo en equilibrio o ecosistema costeiro tradicional, sen embargo o convenio centrábase no litoral galego sen incluír as illas.

A importancia de incluír as illas no censo é incuestionable, xa que para un inventario rigoroso é imprescindible o recoñecemento in situ dos bens, a súa xeorreferenciación precisa, a documentación fotográfica e a verificación directa do seu estado e das súas características construtivas. Ademais, moitos elementos patrimoniais nas illas son singulares e non resultan visibles dende o continente, polo que só poden ser rexistrados mediante visitas específicas.

Polo exposto, as partes acordan subscribir a presente adenda, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeiro.- Obxecto da Adenda.

Esta addenda realizase co propósito de complementar o convenio de investigación existente entre as partes, co obxectivo de ampliar as accións de investigación relacionadas coa cultura marítima.

Segundo.- Accións a realizar:

Na fase 4, denominada “*Fase de realización de accións*”, amplíase o apartado 3 do censo do patrimonio marítimo, o que engloba incrementar a investigación e realizar:

- A. Complementar o inventario de patrimonio marítimo inmovible incluíndo as illas galegas.

Ano 2025_ Illas Cíes, Illas Ons, Illa de Tambo, Illa de San Simón.

Ano 2026_ Illa Cortegada, Illa de Sálvora, Illas Lobeiras, Illas Sisargas e Illa da Rúa.

- B. A impresión física de dous exemplares do inventario.

Ano 2025_ Borrador inicial de case 3800 páxinas en varios tomos.

Ano 2026_ Dous exemplares definitivos do Inventario de case 5000 páxinas en varios tomos.

Terceiro.- Orzamento:

Para á realización destas accións incrementáanse as partidas de gasto incluídas no Anexo II do convenio nas seguintes contías:

PARTIDAS	2025	2026	Total
----------	------	------	-------

Custos persoal-grupo de traballo	6.000,00	6.000,00	12.000,00
Viaxes e dietas	1.200,00	1.800,00	3.000,00
Comunicación y difusión	1.600,00	2.400,00	4.000,00
Total actividade Investigadora	8.800,00	10.200,00	19.000,00
Custes indirectos (15,5%UDC)	1.364,00	1.581,00	2.945,00
TOTAL	10.164,00	11.781,00	21.945,00€

Orzamento total é 21.945,00 euros:

Ano 2025_ 10.164,00

Ano 2026_ 11.781,00

Cuarto.-Vixencia:

A presente Adenda o Convenio, seguirá o cronograma do convenio e terá vixencia dende a súa sinatura e ata o remate temporal do propio convenio sendo no mes de decembro do ano 2026.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

Pola Consellería do Mar

A conselleira

Marta Villaverde Acuña

Pola Universidade da Coruña

O Reitor

D. Ricardo Cao Abad

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR